



XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DO CORGO (LUGO)

De conformidade co establecido no artigo 55 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, sométese a información pública durante o prazo dun mes, contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, a aprobación inicial do "Proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial do Corgo (Lugo)".

Durante o prazo referido, calquera persoa poderá examinar a devandita documentación no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia e na páxina web do IGVS (<https://igvs.xunta.gal/areas/solo-empresarial/plans-e-proxectos-de-parques-empresariais>) e presentar ante o IGVS as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Santiago de Compostela, 13 de xuño 2022.- O director xeral do IGVS, Heriberto García Porto.

R. 1630

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA DE ARTESANÍA "ARTESANFROILÁN 2022", DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación en réxime de concorrencia competitiva, dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na mostra de artesanía "Artesanfroilán 2022" organizada pola Área de Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a:

1.- Obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o establecido no Decreto 218/2001, do 7 setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía da Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia, ou no seu caso na normativa que a derroge e/ou substitúa.

A participación nesta mostra de artesanía "Artesanfroilán 2022" está reservada a obradoiros artesáns da provincia de Lugo cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS.

A mostra celebrarase na praza Anxo Fernández Gómez, do 01 ao 12 de outubro de 2022, en horario de 11:00 h. A 14:00 h. e de 17:00 h a 21:00 h.

Estará formada por 24 postos de 3x2 metros cada un deles con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesanais.

CUARTA: CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN.

As persoas interesadas en participar na mostra de artesanía "Artesanfroilán 2022" deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individual ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

En todo caso, aqueles obradoiros que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte dalgunha das persoas que solicitan a participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

Así mesmo, os obradoiros participantes comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

Os expositores deberán asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días que dure o mercado.

O centrAD, da Deputación de Lugo será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

Queda expresamente prohibido que os expositores queden cos elementos de rotulación e decoración instalados.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración do Mercado.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender en todo ou en parte a celebración do mercado, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación na mostra de artesanía "Artesanfroilán 2022" implica a aceptación total das presentes bases.

QUINTA: CONDICIÓN PARTICULARES DE PARTICIPACIÓN NA MOSTRA.

Os traballos de descarga de mercancía, montaxe e acondicionamento de cada posto levaranse a cabo o 30 de setembro de 2022 entre as 08:00 h e as 21:00 h. A retirada e desmontaxe dos postos deberá realizarse o día 12 de outubro de 2022 entre as 21:00 h e as 24:00 h.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar na mostra de artesanía "Artesanfroilán 2022" deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I, - xunto coa documentación restante requirida no punto 6º das bases- a través do Rexistro Xeral na Sede Electrónica da Deputación-

O prazo de presentación será de 10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso de selección para participar na mostra Artesanfroilán 2022.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

1.-ANEXO I: Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.-ANEXO II:

- Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptación en canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra , e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- Copia do NIF do solicitante

4.- Certificado de obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

5.- Carta de artesá/án

6.- Memoria técnica e descritiva dun máximo de 25 páxinas, que conteña os seguintes apartados:

- 6.a)** Datos completos do obradoiro (datos persoais, nome comercial, número de rexistro da carta de artesán e do obradoiro rexistrado, dirección, teléfonos, enderezo electrónico, web e redes sociais)
- 6.b)** Currículum ou biografía onde se describa a súa formación e traxectoria profesional incluíndo as referencias do seu traballo en prensa, revistas especializadas ou outras publicacións, así como a súa presenza en Internet (web ou redes sociais)
- 6.c)** Descrición do proceso produtivo acompañada dunha secuencia de imaxes en pequeno formato mostrando a transformación da materia prima ata o produto final.
- 6.d)** Detalle dos materiais e ferramentas empregadas
- 6.e)** Relación detallada dos produtos que se poñerán a venda na feira.
- 6.f)** Fotografías xerais e de detalle dos produtos onde se poida apreciar a súa calidade.
- 6.g)** Fotografía do posto montado anteriormente ou proposta de montaxe.

SÉTIMA: SELECCIÓN

Rematado o prazo de solicitude será a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, a encargada de instruír e tramitar os expedientes onde unha Comisión de selección valorará as solicitudes presentadas, emitindo o Centrad unha proposta de resolución das persoas admitidas para participar na mostra de artesanía “Artesanfroilán 2022”.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros (rexerese segundo o establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público):

PRESIDENTE

Mario Vila López, Xefe de Unidade I do Centro de Artesanía e Deseño

SECRETARIO

A Secretaria da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue.

VOGAIS

María Isabel Somoza García, Representante do Sector Artesanal Lucense

Marcelino Castro Pena, Servizo de Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia

Laura Vázquez Janeiro, Bióloga do Centrad.

Vogais Suplentes

Marta García Díez, Vixiante-guía do Centrad.

M^a Soledad López de Andrés, Atención ao cidadá do Centrad.

A selección dos participantes na mostra farase con base nos criterios que se expoñen a continuación:

1.- Calidade do produto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas e a disciplina na que ten a carta de artesán, valorando o traballo de conceptualización e deseño de produto. Nivel de transformación da materia prima, acabados e presentación final, coherencia das coleccións, evolución e mellora do traballo respecto a edicións pasadas, se é o caso) de 0 a 10 puntos

2.- Calidade da memoria descritiva (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas, valorando a presentación, maquetación e claridade na exposición de contidos) de 0 a 5 puntos.

3.- Antigüidade da Carta de Artesá/artesán (na data de finalización de presentación de solicitudes)

a. Menor o igual a 5 anos → 2 puntos

b. Máis de 5 anos → 5 puntos

4.- Antigüidade do Obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

a.- Cunha antigüidade menor ou igual a 5 anos – 2 puntos

b.- Cunha antigüidade maior de 5 anos – 5 puntos

5.- Presenza en feiras e eventos de artesanía para profesionais de 0 a 3 puntos

6.- Premios e recoñecementos en certames e concursos para profesionais

a.- De ámbito internacional – 5 puntos

b.- De ámbito nacional - 4 puntos

c.- De ámbito autonómico – 3 puntos

7.- Innovación técnica:

a.- Utilización de novas técnicas na disciplina → 3 puntos

b.- Incorporación de novos materiais na disciplina - 3 puntos

8.- Deseño verde:

a.- Emprego de materiais autóctonos – 3 puntos

b.- Emprego de materiais con certificación ecolóxica – 2 puntos

c.- Emprego de materiais reciclados – 2 puntos

d.- Reutilización de materiais – 2 puntos

9.- Identificación coa zona de procedencia e elaboración do produto

a.- Por ser oficio tradicional – 5 puntos

b.- Por ser reprodución de pezas do patrimonio artístico e arquitectónico de Lugo – 5 puntos

c.- Por reflectir na súa forma ou decoración a cultura popular propia da zona- 3 puntos

d.- Por reflectir na súa forma ou decoración conceptos xerais da cultura galega – 2 puntos

10.- Difusión e Implantación en Internet

a.- Páxina web con dominio propio → 5 puntos

b.- Tenda en liña propia – 2 puntos

c.- Perfil profesional e presenza da marca nas redes sociais – 1 puntos

11.- Deseño do posto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas) → de 0 a 5 puntos

En caso de empate na puntuación, terán preferencia utilizando por orde os seguintes criterios:

1º.- O obradoiro que tivese unha maior puntuación no punto 1 sobre a calidade do produto.

2º As disciplinas ou especialidades, que no seu caso, tivesen menos representación, co fin de lograr unha oferta mais equilibrada da mostra.

Con base ós criterios expostos, o órgano instructor, Centro de Artesanía e Deseño, propondrá a resolución e comunicación da listaxe ordenada de obradoiros seleccionados.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas adxudicatarias seleccionadas de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, a comisión de selección cubra a vacante co obradoiro suplente, a través da listaxe de suplencias que a tal efecto elaborará a comisión de selección.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de publicación na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Unha vez comunicada a selección dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

OITAVA: CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

A cantidade destinada para a convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesanais da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia, para participar na mostra de artesanía “Artesanfroilán 2022”, da Área de deportes, artesanía e deseño e memoria histórica da Deputación de Lugo, será de vinte mil euros (20.000 €).

NOVENA: PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso concorrencia implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

ANEXO I	
SOLICITUDE INDIVIDUAL EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA “ARTESANFROILÁN 2022” DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
CP	LOCALIDADE
PROVINCIA	E-MAIL

Asdo.:

En a... de de 2022

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO I bis	
SOLICITUDE CONXUNTA EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA “ARTESANFROILÁN 2022” DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE 1	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
DATOS DO SOLICITANTE 2	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

Asdo.:

En a... de de 2022

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA “ARTESANFROILÁN 2022” DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**

D/Dª _____ con NIF _____

na condición de: TITULAR REPRESENTANTE

do Obradoiro artesán _____ con NIF/CIF _____

Correo electrónico _____ Teléfono _____

Enderezo _____

Concello _____ Provincia _____ C.P. _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE que de resultar seleccionado/a para participar na mostra ARTESANFROILÁN 2022:

1. Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporsto coa solicitude.
 2. Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.
 3. Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.
 4. Que a persoa física ou xurídica:
 - a. Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
 - b. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
 - c. Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
 - d. Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - e. Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado “Correo electrónico”, consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP
- E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 2022.

Sinatura:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: Deputación de Lugo

Finalidade: Xestión da selección dos obradoiros da mostra Artesanfroilán 2022.

Lexitimación: RGD: 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

Destinatarios: A propia Administración

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

LUGO, O PRESIDENTE P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2022, DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación en réxime de concorrencia competitiva, dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no MERCADO DE NADAL 2022 organizado pola Área de Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a:

1.- Obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o establecido no Decreto 218/2001, do 7 setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía da Lei 1/1992 do 11 marzo de Artesanía de Galicia, ou no seu caso na normativa que a derroque e/ou substitúa.

A participación neste MERCADO DE NADAL 2022 está reservada a obradoiros artesáns da provincia de Lugo cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

2.- Obradoiros de artesanía alimentaria da provincia de Lugo.

Considéranse artesanía alimentaria a actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, cumprindo os requisitos que establece a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que, sendo respectuosas co medio ambiente, garantan ás persoas consumidoras un produto final individualizado, seguro desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e con características diferenciais, obtido grazas ás pequenas producións controladas pola intervención persoal da artesá ou artesán.

TERCEIRA: LUGAR, DATAS E CARACTERÍSTICAS.

O mercado celebrarase na praza San Marcos, do 22 de decembro de 2022 ao 5 de xaneiro de 2023, (agás os días 25 de decembro de 2022 e 1 de xaneiro de 2023) en horario de 11:00h. a 14:00h. e de 17:00h a 21:00h (o 24 e 31 de decembro de 2022 o horario de tarde será de 17:00h a 19:00h horas).

Estará formado por 14 casetas de 3X3x2,40m (medidas interiores), cada unha delas con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesáns.

Unha das casetas quedará reservada para obradoiros de alimentación que rotarán cada dous días ata un máximo de sete obradoiros.

CUARTA: CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN.

As persoas interesadas en participar no MERCADO DE NADAL 2022 deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individual ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

Non se admitirán solicitudes conxuntas nas que se mesturen obradoiros artesáns e de alimentación. Soamente se poderá presentar unha única solicitude por obradoiro.

En todo caso, aqueles obradoiros que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte dalgunha das persoas que solicitan a participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

Así mesmo, os obradoiros participantes comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

Os expositores deberán asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene e atención ao cliente, durante os días que dure o mercado.

O centrAD, da Deputación de Lugo será o encargado de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

Queda expresamente prohibido que os expositores queden cos elementos de rotulación e decoración instalados.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración do Mercado.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender en todo ou en parte a celebración do mercado, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación no MERCADO DE NADAL 2022 implica a aceptación total das presentes bases.

QUINTA: CONDICIÓNNS PARTICULARES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO

Obradoiros da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

Os traballos de acondicionamento da caseta de cada expositor levaranse a cabo o 21 de decembro de 2022 entre as 08:00h e as 21:00h horas. O desmonte e retirada dos elementos de cada caseta deberá realizarse entre os días 5 e 6 de xaneiro de 2023.

Obradoiros de alimentación da provincia de Lugo.

Os obradoiros de alimentación da provincia de Lugo deberán asegurar na súa caseta as necesarias condicións de limpeza, hixiene, e atención ao cliente.

A montaxe e acondicionamento da caseta terá lugar fóra do horario de apertura ao público do mercado.

A persoa/as que atendan o posto deberán estar en posesión do carné de manipulación de alimentos.

Non se permite a venda a granel, por copa/billa/chupito nin similares.

Non se poderán almacenar, expoñer ou manipular materias perigosas, inflamables, explosivas, insalubres, ou que desprenderan cheiros desagradables en xeral, que poidan molestar a outros expositores ou público en xeral.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar no Mercado de Nadal 2022 deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I , - xunto coa documentación restante requirida no punto 6º das bases- a través do Rexistro Xeral na Sede Electrónica da Deputación-

O prazo de presentación será de 10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso de selección para participar na mostra Mercado de Nadal 2022.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

Documentación común para os dous tipos de obradoiros:

1.-ANEXO I: Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.

2.-ANEXO II:

- Declaración responsable de non estar incurso en nengunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Compromiso de aceptación en canto á responsabilidade de obter os permisos municipais para a entrada de vehículos aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, así como as responsabilidades derivadas das perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra, e calquera dano persoal ou material a terceiros, segundo se establece no punto 4 das bases

3.- COPIA DO NIF do solicitante.

Documentación específica para os obradoiros artesanais.

1.- Certificado de obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

2.- Carta de artesá/án

3.- Memoria técnica e descritiva dun máximo de 25 páxinas, que conteña os seguintes apartados:

3.a) Datos completos do artesán (datos persoais, nome comercial, número de rexistro da carta de artesán e do obradoiro rexistrado, dirección, teléfonos, enderezo electrónico, web e redes sociais)

3.b) Currículum ou biografía donde se describa a súa formación e traxectoria profesional incluíndo as referencias do seu traballo en prensa, revistas especializadas ou outras publicacións, así como a súa presenza en Internet (web ou redes sociais)

3.c) Descrición do proceso produtivo acompañada dunha secuencia de imaxes en pequeno formato mostrando a transformación da materia prima ata o produto final.

3.d) Detalle das materiais e ferramentas empregadas

3.e) Relación detallada dos produtos que se poñerán a venda na feira.

3.f) Fotografías xerais e de detalle dos produtos onde se poida apreciar a súa calidade.

3.g) Fotografía do posto montado anteriormente ou proposta de montaxe.

Documentación específica para os obradoiros de alimentación:

1.- Certificado de Rexistro Sanitario

2.- Carné de manipulador de alimentos

3.- Memoria técnica e descritiva dun máximo de 20 páxinas, que conteña os seguintes apartados:

3.a) Datos completos da empresa (nome comercial, datos do xerente, datos persoais do responsable do proceso de produción, dirección, teléfonos, enderezo electrónico, web e redes sociais)

3.b) Traxectoria da empresa donde se describa a súa experiencia e antigüedad, os lugares donde comercializa os seus produtos, as feiras e outros eventos nos que teña participado, así como a repercusión que puidese ter na prensa especializada ou nos medios de comunicación xeneralistas.

3.c) Descrición da materia prima, procesos de elaboración, volume de produción e temporada.

3.d) Relación detallada e fotografías dos produtos que se poñerán a venda na feira.

3.e) Fotografía do posto montando noutros mercados ou proposta de montaxe.

SÉTIMA: SELECCIÓN

Rematado o prazo de solicitude será a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, a encargada de instruír e tramitar os expedientes onde unha Comisión de selección valorará as solicitudes presentadas, emitindo o Centrad unha proposta de resolución das persoas admitidas para participar no Mercado de Nadal.

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros (rexerese segundo o establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público):

PRESIDENTE

Mario Vila López, Xefe de Unidade I do Centro de Artesanía e Deseño

SECRETARIO

A Secretaria da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue.

VOGAIS

María Isabel Somoza García, Representante do Sector Artesanal Lucense

Marcelino Castro Pena, Servizo de Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia

Laura Vázquez Janeiro, Bióloga do Centrad.

Vogais Suplentes

Marta García Díez, Vixiante-guía do Centrad.

M^a Soledad López de Andrés, Atención ao cidadá do Centrad.

A selección dos participantes na mostra farase con base nos criterios que se expoñen a continuación:

Obradoiros artesáns:

1.- Calidade do produto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas e a disciplina na que ten a carta de artesán, valorando o traballo de conceptualización e deseño de produto. Nivel de transformación da materia prima, acabados e presentación final, coherencia das coleccións, evolución e mellora do traballo respecto a edicións pasadas, se é o caso) de 0 a 10 puntos

2.- Calidade da memoria descritiva (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas, valorando a presentación, maquetación e claridade na exposición de contidos) de 0 a 5 puntos.

3.- Antigüidade da Carta de Artesá/artesán (na data de finalización de presentación de solicitudes)

a. Menor o igual a 5 anos → 2 puntos

b. Máis de 5 anos → 5 puntos

4.- Antigüidade do Obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia

a.- Cunha antigüidade menor ou igual a 5 anos – 2 puntos

b.- Cunha antigüidade maior de 5 anos – 5 puntos

5.- Presenza en feiras e eventos de artesanía para profesionais de 0 a 3 puntos

6.- Premios e recoñecementos en certames e concursos para profesionais

a.- De ámbito internacional – 5 puntos

b.- De ámbito nacional - 4 puntos

c.- De ámbito autonómico – 3 puntos

7.- Innovación técnica:

a.- Utilización de novas técnicas na disciplina → 3 puntos

b.- Incorporación de novos materiais na disciplina - 3 puntos

8.- Deseño verde:

a.- Emprego de materiais autóctonos – 3 puntos

b.- Emprego de materiais con certificación ecolóxica – 2 puntos

c.- Emprego de materiais reciclados – 2 puntos

d.- Reutilización de materiais – 2 puntos

9.- Identificación coa zona de procedencia e elaboración do produto

a.- Por ser oficio tradicional – 5 puntos

b.- Por ser reprodución de pezas do patrimonio artístico e arquitectónico de Lugo – 5 puntos

c.- Por reflectir na súa forma ou decoración a cultura popular propia da zona- 3 puntos

d.- Por reflectir na súa forma ou decoración conceptos xerais da cultura galega – 2 puntos

10.- Difusión e Implantación en Internet

a.- Páxina web con dominio propio → 5 puntos

b.- Tenda en liña propia – 2 puntos

c.- Perfil profesional e presenza da marca nas redes sociais – 1 puntos

11.- Deseño do posto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas) → de 0 a 5 puntos

Obradoiros de alimentación:

1.- Tamaño do obradoiro:

Una soa persoa ao fronte do obradoiro – 5 puntos

Dúas persoas con dedicación plena – 3 puntos

Tres persoas con dedicación plena – 1 punto

2.- Antigüidade: 1 punto por cada ano de presenza no mercado dos produtos presentados.

3.- Utilización de ingredientes locais (nun mínimo do 50%)

Propios da zona – 3 puntos

Propios da comarca – 2 puntos

Da Provincia – 1 punto

4.- Certificación de produto ecolóxico - 1 punto

5.- Imaxe de marca: envasado e presentación do produto (baseándose en criterios comparativos en relación coas solicitudes presentadas) - de 0 a 5 puntos

6.- Implantación do produto no mercado en establecementos *gourmet* - 3 puntos

7.- Identificación coa zona de procedencia - de 0 a 3 puntos

8.- Adaptación ao contexto da Campaña de Nadal

Produtos doces 2 puntos

Elaboracións tipo *gourmet* 1 punto

En caso de empate na puntuación, terán preferencia utilizando por orde os seguintes criterios:

1º.- O obradoiro que tivese unha maior puntuación no punto 1 sobre a calidade do produto no caso dos obradoiros artesanais e no punto 2 sobre a antigüidade no mercado, no caso dos obradoiros de alimentación.

2º As disciplinas ou especialidades, que no seu caso, tivesen menos representación, co fin de lograr unha oferta máis equilibrada da mostra.

Con base ós criterios expostos, o órgano instructor, Centro de Artesanía e Deseño, propondrá a resolución e comunicación da listaxe ordenada de obradoiros seleccionados.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas adxudicatarias seleccionadas de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, a comisión de selección cubra a vacante co obradoiro suplente, a través da listaxe de suplencias que a tal efecto elaborará a comisión de selección.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de publicación na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Unha vez comunicada a selección dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta.

OITAVA: CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

A cantidade destinada para a convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesanais da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal 2022, da Área de deportes, artesanía e deseño e memoria histórica da Deputación de Lugo, será de vinte mil euros (20.000 €).

NOVENA: Protección de datos de carácter persoal.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso concorrencia implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de

decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

ANEXO I	
SOLICITUDE INDIVIDUAL EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2022 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
CP	LOCALIDADE
PROVINCIA	E-MAIL

Asdo.:

En a... de de 2022

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO I bis	
SOLICITUDE CONXUNTA EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2022 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA	
DATOS DO SOLICITANTE 1	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
DATOS DO SOLICITANTE 2	
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NIF / CIF
REPRESENTANTE LEGAL	NIF
ENDEREZO	CP
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

Asdo.:

En a... de de 2022

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2022 DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**

D/Dª _____ con NIF _____

na condición de: TITI II ΔΡ REPRESENTANTE

do Obradoiro artesán _____ con NIF _____

Correo electrónico _____ Teléfono _____

Enderezo _____

Concello _____ Provincia _____ C.P. _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE que de resultar seleccionado/a para participar no MERCADO DE NADAL 2022:

1. Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporsto coa solicitude.

2. Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.

3. Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.

4. Que a persoa física ou xurídica:

a. Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).

b. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.

c. Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

d. Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

e. Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado "Correo electrónico", consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP

E para que así conste, asino en _____ a _____ de _____ de 2022.

Sinatura:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: Deputación de Lugo

Finalidade: Xestión da selección dos artesáns e artesás do Mercado de Nadal 2022

Lexitimación: RGPD: 6.1 e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento

Destinatarios: A propia Administración

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos

Procedencia: A través do interesado por parte do persoal de xestión ou mediante acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios web recollidos no portal da Deputación de Lugo

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

LUGO, O PRESIDENTE P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 1632

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE PERSOAL DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Por Resolución de alcaldía de 14 de xuño de 2022 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de persoal dos seguintes servizos vinculados á prevención e defensa contra incendios forestais:

- Conductor de motobomba
- Xefe de Brigada
- Peon conductor
- Peon

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS (contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 14 de xuño de 2022.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1633

BURELA

Anuncio

Expedientes nº 907/2022 e 857/2022

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE PADRÓNS FISCAIS

Por Decretos de Alcaldía 2022-0404 e 2022-0406 do 09.06.2022, aprobanse os Padróns Fiscais e notificacións colectivas por aplicación da Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, e pola aplicación da Taxa pola prestación do servizo de cemiterios municipais do exercicio 2022.

Os padróns expóñense ao público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos no caso de que transcorrido o devandito prazo de exposición pública non se presentase reclamación ningunha contra estes. Esta exposición servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas aos Padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde, segundo o disposto no artigo 14.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao do remate da exposición pública do Padrón. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a resolución do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Normas de pagamento e extinción de débedas:

1 O pagamento das débedas dos tributos en período estará comprendido entre o día 1 de xullo e o 31 de agosto do 2022.

2 O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, na que se presentará o documento de ingreso que se envía por correo aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria ou nas oficinas municipais, e deberán realizar o pagamento.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iníciase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a existencia dos xuros de mora, así como das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Burela, 9 de xuño de 2022.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1634

Anuncio

Expediente: 906/2022

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 08 de xuño de 2022, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Segundo Bimestre do exercicio 2022, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 9 de xuño de 2022.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1635

COSPEITO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO PRIMER TRIMESTRE DE 2022.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde - Presidente mediante Resolución do 19/05/2021 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao PRIMER trimestre de 2022 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“Realizadas as lecturas de contadores de consumo de abastecemento de auga correspondentes ao período do 1º trimestre de 2022 e vistas as altas novas no padrón da taxa de lixo.

Estando en vigor a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de sumidoiros aprobada con data 27/09/1989, que no artigo 8º.3. prevé que as cotas esixibles se liquidarán e recadarán polos mesmos períodos e nos mesmo prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.

Vista a redacción da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliar de lixo, aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 4 de novembro de 2015, e cuxo texto articulado definitivo, publicado no BOP núm. 300/2015 do 31/12, recolle no artigo 8 que o período impositivo coincide co trimestre natural devengándose o primeiro día do período impositivo.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de abastecemento de auga potable a domicilios do Concello de Cospeito que establece nos artigos 7º e 8º o devengo trimestral das cotas periódicas e a súa liquidación en documento cobratorio único xunto coas taxas da rede de saneamento e recollida domiciliar de lixo.

Ditadas Resolucións de Alcaldía polas que se resolven solicitudes de cambio de titularidade de contratos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.

Tendo en conta o establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga cuxa Disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor a partir do 1 de xullo de 2012.

Considerando que en virtude do establecido no artigo 48.3. do citado decreto 136/2012, do 31 de maio, en relación co artigo 2º.21 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, o Concello de Cospeito ten a condición de entidade subministradora obrigada a repercutir, conxuntamente cas liquidacións da taxa de abastecemento de auga e sumidoiros as correspondentes cotas do canon autonómico de auga con arrego as tipos e normas de liquidación que os citados texto legais establecen.

Confeccionado de acordo cas referidas disposicións regulamentarias o padrón de contribuíntes suxeitos a tributación correspondentes ao 1º período trimestral do 2022, contendo as variacións anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria e nas Ordenanzas fiscais de cada tributo e demais disposicións concordantes, e considerando o acordado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a competencia que ostento como Alcalde –Presidente para ditar o presente acto, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO. *Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliar de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 72.049,28€ (IVE incluído) correspondente ao 1º trimestre de 2022 polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:*

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
1º T 2022	28.551,18	29.569,25	437,55	10.631,62	2.859,68	72.049,28

SEGUNDO. *Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2022:*

Padrón	Período voluntario de cobro
1º Trimestre 2022	Do 27/04/2022 ao 28/06/2022

TERCEIRO. *Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.*

CUARTO. *Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”*

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para

a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico –administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Santander e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 13 de xuño de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1636

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DE COSPEITO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2022

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, mediante Resolución da Alcaldía aprobou o Padrón de contribuíntes da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública do Concello de Cospeito correspondente ao exercicio de 2022, e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“(…)

PRIMEIRO. Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 442/2019 do 27 de xullo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Aprobar o padrón da Taxa por polo aproveitamento especial da vía pública con entrada de vehículos e reserva da vía pública do Concello de Cospeito correspondente ao ano 2022 e as liquidacións que o compoñen de acordo co seguinte resumo:

Período	Concepto	Núm. total de cargos Importe €	Núm. cargos domiciliados Importe €	Núm. cargos non domiciliados Importe €
Exercicio 2022	Taxas vados	9 600	0 0,00	9 600

TERCEIRO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

(...)"

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello que se detallan, nas horas de atención ao público. Transcorridos ditos prazos iníciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

Entidade bancaria	IBAN
Caixa Rural Galega	ES3330700023691138233125
Santander	ES1602388183130660000369
Abanca	ES5720800113183110000014

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 13 de xuño de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1637

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS CON ACCESO DIRECTO A VÍA PÚBLICA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2022.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, mediante Resolución da Alcaldía do 29/05/2019 aprobou o Padrón de contribuíntes da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios con acceso directo a vía pública correspondente ao exercicio 2022, e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

(...)

“PRIMEIRO. Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 442/2019 do 23 de xullo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Aprobar o padrón da Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo na vía pública correspondente ao ano 2022, e as liquidacións que o compoñen, de acordo co seguinte resume:

Período	Concepto	Núm. total de cargos Importe €	Núm. cargos domiciliados Importe €	Núm. cargos non domiciliados Importe €
Exercicio 2022	Taxas caixeiros	1 438,00	0 0,00	1 438,00

TERCEIRO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

(...)”

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello que se detallan, nas horas de atención ao público. Transcorridos ditos prazos iníciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

Entidade bancaria	IBAN
Caixa Rural Galega	ES3330700023691138233125
Santander	ES1602388183130660000369
Abanca	ES5720800113183110000014

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 13 de xuño de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1638

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE MAIO 2022.

Por Resolución de alcaldía do 10 de xuño de 2022 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 13 de xullo de 2022 ao 13 de setembro 2022**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 13 de xullo de 2022 ao 13 de setembro de 2022**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde.

A Pontenova, 13 de xuño de 2022.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1639

VILALBA

Anuncio

Expediente n.º: 2102/2022**Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 3/2022.**

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 20 de maio de 2022 aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 3/2022 Suplemento de crédito Nº 1 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesourería por un importe total de **662.288,08€**. Transcorrido o prazo de exposición ao público sen que se presentaran reclamacións, considérase definitivamente aprobado o expediente, e de conformidade co recollido nos artigos 177.2 e 169.3 TRLRFL, faise público o resumo por capítulos do orzamento do exercicio 2022, prorrogado do 2019, que queda, tras a contabilización do referido expediente, como segue:

ESTADO DE GASTOS:

CAPITULO	CREDITO DEFINITIVOS(€)
I.- GASTOS DE PERSONAL	2.968.079,54
II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	7.146.595
III.- GASTOS FINANCIEROS	0,00
IV.- TRANSFERENZAS CORRENTES	698.624
VI.- INVERSIONS REAIS	1.218.288,08
VII.- TRANSFERENZAS DE CAPITAL	75.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL	12.106.586,62

ESTADO DE INGRESOS:

CAPITULO	PREVISIÓNS DEFINITIVAS(€)
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	4.165.000,00
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	160.000,00
III.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.534.367,58

IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.648.545,92
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	7.200,00
VI.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	0,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	309.846,15
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	662.288,08
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	12.487.247,73

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, no prazo de dous meses contados a partir da data da aprobación definitiva.

Vilalba, 13 de xuño de 2022.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1640

Anuncio

BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPLEABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRA CHA NO CAMIÑO II.

Dentro da labor de fomento e apoio as iniciativas e fomento do emprego, o Concello de Vilalba e seguindo as directrices marcadas pola Consellería de emprego e Igualdade, concédente dos incentivos a contratación para os traballadores/as do Obradoiro de Emprego Dual Terra Cha no Camiño II, convócanse as presentes axudas para o período comprendido entre o 29 de xullo de 2022 e o 28 de outubro de 2022.

1. Disposicións xerais

Estas normas teñen por obxecto establecer as condicións, polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección de Entidades dos Concellos de Vilalba e Abadín da provincia de Lugo, susceptibles de percibir subvencións para a contratación temporal, dos participantes no Obradoiro de Emprego Terra Cha no Camiño para un período de tres meses.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

2. Finalidade e duración dos incentivos a contratación por conta allea.

Os incentivos á contratación temporal por conta allea, teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro dual de Emprego Terra Cha no Camiño II, financiados a través da convocatoria 2021 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, e promovido polo Concello de Vilalba xunto co Concello de Abadín.

A contratación temporal terá unha duración mínima 3 meses, e con **inicio da contratación dentro do período comprendido entre o 15 de xullo de 2022, ata o máximo de 29 de xullo de 2022.**

A xornada de contratación temporal será a tempo completo.

3. Réxime xurídico

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Entidades beneficiarias dos incentivos a contratación

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación previstas nas presentes bases:

1. As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. As cales desempeñen actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro dual de Emprego, actividades de construción e obra civil, actividades en oficinas, despachos e departamentos de

administración e que contraten traballadores/as por conta allea, para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Vilalba ou Abadín.

No caso de sociedade civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude, como na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiaria, lle correspondan a agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte de esta unión, deberá reunir os requisitos esixidos para acceder as axudas.

2. Non poderán ser beneficiarias de estas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera de elas.

3. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa, as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e concordantes coa Lei xeral de subvencións:

- Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Solicitar declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, encóntrase declaradas en concurso salvo que en este se adquira eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado en sentenza de clasificación do concurso.
- Dar lugar, por causa de que lle fora declarada culpable, a resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aquelas que exerzan a representación legal de outras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- Non estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias, ó fronte da Seguridade Social, ou ter pendente de pago algunha outra débeda co Concello de Vilalba, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou Estatal, nos termos regulamentariamente establecidos.
- Ter a residencia fiscal nun país ou territorio clasificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Non estar o corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- Ser sancionado, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- Non poderán acceder a condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran nalgunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- En ningún caso poderán obter á condición de entidade beneficiaria as asociacións incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por encontrarse indicios relacionados de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002 mentres nos recaía resolución xudicial firme en cuia virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
- Non poderá ter a condición de entidade beneficiaria, as entidades que estén excluídas do acceso ós beneficios da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada por Real Decreto legislativo 5/2000 de 4 agosto.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vilalba ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso, nas prohibicións contidas nos puntos 3,4,5 e 6 para obter a condición de beneficiario, realizarase mediante declaración responsable.

5. Contía dos incentivos a contratación

- Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500€ por cada traballador/a, correspondente a un contrato cunha duración mínima de 3 meses a xornada completa.
- Os beneficiarios establecidos a contratación deste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custe salarial, e de seguridade social, das mensualidades obxecto da subvención.

6. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

- a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou en outras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
- b) Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea, os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate de unha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin esté ó seu cargo.
- c) As contratacións realizadas con persoas traballadoras, que nos 24 meses anteriores a data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo establece o artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo anticipación da idade de xubilación. O disposto neste párrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas as cales a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do real Decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

7. Procedemento de solicitude

7.1. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

Para poder ser entidade beneficiaria das axudas reguladas nesta orde, deberá presentarse unha solicitude de axuda nos modelos normalizados que figuran como anexos destas Bases. O modelo de solicitude será unha instancia dispoñible na web municipal www.vilalba.gal, modelo establecido como ANEXO I destas bases.

Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas as solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Vilalba.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais (15) contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Non axustarse a os termos desta convocatoria, así coma a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 e 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de NON ADMISIÓN.

7.2 . Documentación

A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

Solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará no Concello de Vilalba, asinado polo/a representante da entidade (Anexo I), xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior o mes da publicación da presente convocatoria, así como relación de todos os traballadores que tivo contratados durante os 24 meses anteriores (Anexo II).

- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda. (Anexo II).
- Declaración responsable de non estar incuso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (Anexo II).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo II).
- Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a presentación da solicitude, segundo modelo que figura como (Anexo II).
- Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036), ou declaración responsable de non estar obrigada.

Poderase presentar unha solicitude de subvención por entidade, e no caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou ratificación no prazo de cinco días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

7.3. Proposta de concesión de subvencións

O procedemento de selección das entidades beneficiarias e a distribución das subvencións entre estas no teñen a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, se non que a concesión da axuda, realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro do Concello de Vilalba ata esgotar o crédito dispoñible, segundo a resolución de concesión da subvención para a creación do Obradoiro de Emprego Terra Cha No Camiño II, e que ascende a 22.500 €. (Este programa será financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia con cargo ó crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 11.05322a.460.1

A proposta de concesión de subvención deberá conter a relación de entidades solicitantes por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vilalba, asignando a contía de subvención a cada unha de elas, ata esgotar o crédito dispoñible. Dita contía no superará os 1.500€ por incentivo solicitado. Posteriormente, dita proposta pasará á intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta da Concesión de subvención informada pola Interventora Municipal, a Xunta de Goberno Local, concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás que se conceden a subvención e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver, será de 10 días contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións no Rexistro do Concello de Vilalba. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

7.4 Resolución, publicidade da concesión, reformulacións da concesión

A resolución da concesión farase pública na Sede Electrónica do Concello (Taboleiro de Anuncios e Portal de Transparencia) xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando Administración estime que a publicación efectuada resulte insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico. dirección que os interesados designen, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. A estes efectos os interesados deberán achegar o Anexo III debidamente cumprimentado e asinado.

8.- Adxudicación do traballador/a

Unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias, realizarase a asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, tendo estas que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecidas nesta convocatoria, nos cinco días hábiles seguintes a publicación no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Vilalba. Os traballadores serán asignados á empresa en función da puntuación obtida polos mesmos nos citados obradoiros, dándolles a escoller a empresa os alumnos/as que acadaran a maior puntuación.

9.- Obrigas das entidades beneficiarias

- Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego.
- Manter no seu persoal a persoa contratada, polo período de duración do contrato obxecto da subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal por causas previstas na normativa laboral vixente, con anterioridade a finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilalba, no prazo de sete días dende que se produza para promover o seu relevo en igualdade de condicións,

ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro de emprego, que non fora contratadas previamente.

- Coma consecuencia da contratación temporal polo que se solicita a subvención, ten que incrementarse emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ó mes anterior ou mes de realización da contratación polo que se solicita a subvención. Para o calculo do incremento do persoal non se computara as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despido disciplinario que non sexa declarados improcedentes, ou cuxas baixas se predixeran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.
- As contratacións polas que se solicita subvención, deberá formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecidas.
- Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga corresponderalle ó Concello de Vilalba levar a cabo a función de control da subvención concedida, así como a avaliación e seguimento de este programa.

10.- Xustificación e pagamento

O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida.

Para ter dereito á mesma, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o Concello de Vilalba, nos 15 días dende a data de contratación do/s traballador/es a seguinte documentación:

- Copia compulsada ou cotexada dos contratos de traballo, formalizados e debidamente comunicados á Oficina de Emprego.
- Copia compulsada ou cotexada dos partes de alta da seguridade social xunto co informe de datos de cotización.
- Declaración responsable complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiron outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do (anexo II).
- Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, de estar ó corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e CCAA), Seguridade Social, e Concello de Vilalba.
- Certificado da conta bancaria expedida pola entidade bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

No prazo máximo dun mes contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado.

- Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 e TC2, pagados.
- Nómina e xustificante de pago do/s traballador/es correspondentes ós meses de contratación. Soamente se admitirá como documentos xustificativos de pago, aqueles que acrediten a súa realización por transferencia bancaria, en ningún caso, admitirase o pago en man ou en efectivo.
- Copia compulsada ou cotexadas do impreso de liquidación nominal Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagadas.
- Declaración responsable Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes u outros entes públicos o, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do (anexo II).
- Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, de estar ó corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e Seguridade Social.

11.- Incompatibilidades e concorrencia

As axudas previstas neste programa para contratacións por conta allea, son incompatibles con outras que polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso coas bonificacións ou reducións de cotizacións a Seguridade Social.

Os incentivos establecidos neste programa, serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, supere os límites establecidos pola Unión Europea, e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

12.- Reintegro da subvención

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará a documentación e se é correcta, procederase o pagamento da subvención, mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. No caso de que non presente a xustificación da subvención dentro do prazo, será requirida a entidade beneficiaria para a súa presentación (artigo 70 do regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento dará lugar a que por Resolución de Alcaldía, se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e a Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias constituirán causa determinante a revogación da subvención concedida.

Entenderase que se produce un incumprimento parcial, e polo tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos, cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral, antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos na correspondente convocatoria, dará lugar a cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

13.- Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

14.- Réxime de recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Poderá formularse. Con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta convocatoria, en especial todo aquilo que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte das subvencións xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución de Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o exercicio de 2022 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional segunda

Os datos da subvención concedida quedarán incorporados ó Rexistro Público de Subvencións. Así, mesmo o Concello de Vilalba é o responsable do tratamento de datos das persoas solicitantes e infórmaas que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Fin do tratamento: tramitación da súa solicitude de subvención

Criterio de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos: Non se comunicaran os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten as persoas interesadas:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición o seu tratamento
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (adpd.es) se considera que o tratamento non se axusta a normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Vilalba. Praza da Constitución, 1 27800 Vilalba (Lugo).

Vilalba a data que figura á marxe. O secretario accidental, Mauro Chico Carballas.

INDICE DE ANEXOS

- ANEXO I : SOLICITUDE
- ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE
- ANEXO III: MODELO ACEPTACIÓN MODELO DE COMUNICACIÓN

Modelo de Solicitud de Subvención	A RELLENAR POLA ADMINISTRACIÓN	
	N.º Expediente 369/2022	N.º Rexistro -----
	Modelo	Fecha:

ANEXO I SOLICITUDE

DATOS DEL SOLICITANTE			
Nome e Apellidos / Razón Social		NIF	
-----		-----	
Dirección			

Código Postal	Municipio	Provincia	
-----	-----	-----	
Teléfono	Móbil	Fax	E-mail
-----	-----	-----	-----

DATOS DEL REPRESENTANTE (si procede)			
Nome e Apellidos		NIF	
-----		-----	
Dirección			

Código Postal	Municipio	Provincia	
-----	-----	-----	
Teléfono	Móbil	Fax	E-mail
-----	-----	-----	-----

DATOS DE NOTIFICACIÓN	
Persoa a notificar:	Medio Preferente de Notificación
o Solicitante o Representante	o Notificación postal o Notificación electrónica

DATOS ESPECÍFICOS DEL PROCEDIMIENTO		
ACTIVIDAD ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)		DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE
DESCRIPCIÓN DO OBXETO SOCIAL DA EMPRESA		CNAE
		GRUPO EPIGRAFE IAE
TIPO DE ACTIVIDADE	N.º DE CONTRATACIÓN POLOS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	N.º DE INSCRIPCIÓN NA S.S
Nº DE TRABALLADORES NA EMPRESA (1)		

Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA

DATOS BANCARIOS		
TITULAR DA CONTA BANCARIA	ENTIDADE	NÚMERO DE IBAN

EXPÓN

PRIMERO. Que coñecidas as bases que regulan a subvención de incentivos a contratación dos alumnos/as do Obradoiro de Emprego Terra Chá No Camiño II.

SEGUNDO. O solicitante declara:

— Que todos os datos que constan nesta solicitude, e ós documentos que o acompañan, son certas.
— Que cumpre e acepta a normativa xeneral vixente reguladora das subvencións que outorga o Concello e todos os requisitos esixidos nas bases e a convocatoria para solicitar e outorgar estas subvencións.

— Que está enterado/da que a carencia de xustificación documental das subvencións recibidas deste Concello non só comporta a anulación da subvención e a esixencia de responsabilidades ós perceptores, senón que como consecuencia non se tramitará esta solicitude nin de posteriores.
— Que no se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

TERCERO. Acompaño xunto á solicitude da subvención os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI/CIF.
- Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia da Escritura de constitución o modificación, copia da Acta fundacional e Estatutos, copia do DNI, etc.).
- Declaración responsable de que o solicitante non concorre ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións. ANEXO II
- Certificado de estar ó corrente coa Facenda Estatal, Autonómica e local.
- Certificado de estar ó corrente coa Seguridade Social.
- *[Toda a documentación esixida nas bases ou na convocatoria].*

Polo exposto,

SOLICITA

Que, de conformidade coas Bases publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* nº _____ de data _____, se conceda subvención para _____ por importe de _____ euros, e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Vilalba, a ____ de _____ de 2020.

O solicitante,

Fdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILALBA

[1] De conformidade con la Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos ten como fin o exercicio por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas a comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Si o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita a esta Administración, Praza da Constitución, 1, 27800, Vilalba (Lugo).

Lexislación aplicable

Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea a do alumnado Obradoiro de Emprego Terra Cha No Camiño II.

Orde do 31 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOGA nº 22, de 3 de febreiro de 2021 Anexo II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña.....
 con NIF..... na miña condición de representante da
 entidade.....
con NIF.....

DECLARO baixo a miña responsabilidade e comprométome a manter o cumprimento das obrigacións durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada polo Concello de Vilalba, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentos con certos.

Que coñece e acepta as condicións das bases da convocatoria así como todos os requisitos esixidos na mesma coa obriga de entregar o Concello de Vilalba toda a documentación requirida nas presentes bases.

Que acepto o traballador/a que lle asigne o Concello de Vilalba, e entregar o informe detallado de causas obxectivas para o caso de non cumprir as esixencias durante o período de proba.

Que a subvención outorgada empregárase para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa.

Que non ten despedido de forma improcedente a ningún traballador nos 12 meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Que a entidade a que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non se atopa incusa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.

Que a entidade que represento cumpre o disposto no Regulamento Xeral de Protección de datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.

Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Vilalba.

Que a entidade a que represento atopase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) Seguridade Social e Concello de Vilalba

Que a entidade que represento dispón dos medios técnicos necesarios para que o traballador/a contratado desempeñe as súas tarefas.

Que a entidade que represento non é debedor por procedemento de reintegro de axudas do Concello nin doutra administración pública.

Comunicar calquera modificación que afecte a solicitude inicial tramitada.

Que autorizo o Concello de Vilalba que realice os controis e verificacións necesarios para o correcto desenvolvemento da subvención outorgada

Non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin. No caso de ter solicitada ou concedido axudas para o mesmo fin cumprimentar o seguinte cadro

CONVOCATORIA	ORGANISMO	SITUACIÓN AXUDA	IMPORTE AXUDA	DA	ANO

15.- Declaro baixo a miña responsabilidade:

NON solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de minimis (Regulamento 1407/2013, Regulamento (UE) 1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento(CE)717/2014 de 27 de xuño de 2014) no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude de pagamento

SÍ solicitou ou obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de minimis nos tres últimos exercicios fiscais (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

ORGANISMO CONCEDENTE	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE	ANO

	IMPORTE
IMPORTE TOTAL das axudas de minimis percibidas	

16.- Que a relación de traballadores contratados por esta empresa no mes anterior é a seguinte:

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A	D.N.I.	TIPO DE CONTRATO

17.- Que a relación de traballadores contratados por esta empresa nos 24 meses anteriores é a seguinte:

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A	D.N.I.	TIPO DE CONTRATO

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente en....., a de de 2022.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILALBA

Anexo III**ACEPTACIÓN /RENUNCIA DA SUBVENCIÓN**

D./Dña.....
..... con NIF..... na miña condición de representante da
entidade.....
.....con NIF.....

ACEPTO Á SUBVENCIÓN SOLICITADA

RENUNCIO Á SUBVENCIÓN SOLICITADA

E para que conste e surta os efectos oportunos, firmo a presente en....., a de de 2022.

ALCALDESA DEL AYUNTAMIENTO DE VILALBA

Vilalba, 13 de xuño de 2022.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1641
